Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Festas e mitoloxía relixiosa

CATEGORÍAS RELACIONADAS

San Xulián de San Xusto

Un ano de moita seca os veciños de Rececinde, en San Xusto, Coristanco (A Coruña) andaron de arriba para abaixo buscando fontes. Atoparon unha en Portocovo, nas beiras do río Vao, pero o que máis lles chamou a atención foi ver que desde a fonte partía un camiño que conducía á igrexa parroquial de San Xusto.

E correuse a voz; por aquel camiño tiña que ir e vir San Xulián, o patrón da parroquia, beber a aquela fonte. Ahegáronse á igrexa, colleron o santo e levárono en procesión ata a fonte, rogándolle que fíxese o posible para que chovese.

E cando regresaban, camiño de volta da parroquial, xa se mollaron. Choveu o que fixo falta.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

FERNÁNDEZ CARRERA, X. X. e RIAL LEMA, R. Mª., A cultura popular en Coristanco, Imprenta San Cristobal, Baio, 1997, p.184.